

CONSUELO FERREIRO REGUEIRO, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno da USC, na sesión ordinaria do 7 de xuño de 2016, aprobou por asentimento a concesión dunha oportunidade extraordinaria de recuperación para o alumnado que cursou polo Grao materias nos plans de estudos en extinción ao abeiro do art. 13 da Normativa de Avaliación, nos termos que se describen:

PRIMEIRO.- O alumnado ao que lle falten por superar materias dunha titulación anterior a Real Decreto 1393/2007 e sempre que as estean a cursar polo Grao ao abeiro do artigo 13 da Normativa de Avaliación do Rendemento Académico dos Estudantes e de Revisión e Cualificacións, poderá realizar un novo exame nunha única oportunidade de recuperación se cumpre as seguintes condicións:

1. Que o alumnado teña un máximo de 3 materias ou 18 créditos e que se estean a cursar polo Grao, segundo o precitado artigo 13 da Normativa de Avaliación.
2. Que teña a cualificación de "suspenso" nas dúas oportunidades do curso 2015-16, ou simplemente de "suspenso" e "non presentado" nese mesmo período.

SEGUNDO.- A oportunidade extraordinaria de recuperación realizarase en setembro. Os centros establecerán as datas de realización desta oportunidade extraordinaria de recuperación, tendo en conta que a mesma debe realizarse, e as correspondente actas pechase, antes do remate do plan de estudos o 30 de de setembro de 2016.

TERCEIRO.- Unha vez realizada esta recuperación extraordinaria sobre a segunda oportunidade, ao alumnado que supere a materia ou as materias, se lle imputarán no seu expediente correspondente a titulación en extinción.

No caso de non superalas deberá adaptarse obrigatoriamente ao Grao.

E para que así conste, asino a presente certificación, en Santiago de Compostela, a 22 de xuño de 2016, co Visto e Prace do sr. Reitor.

Vº e Prace

O reitor

  
Juan M. Viaño Rey



